

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE XANEIRO DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e dez minutos do día tres de Xaneiro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste Don Edgar Antonio Vigo López.

Non asiste:

D. Edgar Antonio Vigo López

Asiste á sesión a Interventora accidental D^a Milagros López Alvarez, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA EN DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión celebrada en data 8 de Novembro de 2007, previamente remitida coa convocatoria.

Non producíndos intervencións, pola presidencia sométese a votación ordinaria a acta da sesión celebrada en data 8 de Novembro de 2007, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 8 de novembro de 2007.

2º.- RATIFICAR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2007 SOBRE ADQUISICIÓN DE PARCELA A SEPES PARA DESTINALA Á CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que se trata dun tema do que xa se ten falado nalgún pleno en rogos e preguntas e que consiste nun acordo asinado coa Xunta de Galicia para construír no Polígono de Vilar do Colo un Punto Limpo que trate os residuos de Fene e Cabanas nunha das parcelas que ten Sepes en Vilar do Colo; que houbo unhas negociacións con Sepes para a adquisición das parcelas que trouxeron consigo unha redución do prezo desa parcela ao 50%, que orixinariamente estaba valorada nun prezo de mercado de cento vinte mil euros e ao final o prezo que Sepes lle cobra a Fene a Cabanas é de sesenta mil euros; que a Xunta de Goberno Local da semana pasada decidiu xa comprar eses terreos cos cartos que estaban xa presupostados no orzamento do 2007 para facer fronte a esa compra e o Pleno ten que tomar a decisión de solicitarlle á Xunta de Galicia o financiamento ao cento por cento desa obra, e unha vez mercados os terreos, poñelos a disposición da Xunta de Galicia para que se poida empezar a obra; ademáis dun punto máis que é a condonación ou a renuncia por parte do Concello de Fene a calquera tipo de taxa ou de imposto derivado desa obra que se lle puidese repercutir á Xunta de Galicia. Continúa o Sr. Alcalde e manifesta que as condicións son similares ás que xa viñeron á sesión plenaria da semana pasada para aprobar o abastecemento de auga a Magalofes e o informe de Intervención é igual, e a valoración que fai o goberno municipal tamén é a mesma, é dicir, que entenden que tanto Secretaría como Intervención lles indican que o modelo polo que se debería optar non é pola condonación das taxas á Xunta de Galicia senón por buscar unha fórmula de cofinanciamento pero que é unha fórmula que segundo lles informan a intervención da Xunta de Galicia non a aceptan, co cal hai que tomar o acordo tal e como a Xunta de Galicia o remite e en base a iso que a Xunta faga a obra e a constrúa; que de tódolos xeitos se de aquí a aló se pode solventar coa Xunta esa fórmula de financiamento solventarase.

Continúa o Sr. Alcalde Presidente dicindo que agás que igual que pasará con algún outro punto da orde do día, é un acordo da Xunta de Goberno Local, que non pasou pola comisión informativa e polo tanto primeiramente haberá que ratificar a urxencia ou non de admitilo a debate e aprobación nesta sesión e en segundo lugar ratificar o acordo da Xunta de Goberno; di que a urxencia ven motivada pola necesidade de executar canto antes esta obra e que se executará con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia do 2007, e que por iso foi aprobada na Xunta de Goberno da semana pasada e falta a ratificación definitiva do acordo que se toma nesta sesión plenaria.

Non producíndose mais intervencións polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día deste asunto, sendo ratificada por unanimidade dos/as Señores/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de Decembro de 2007 sobre adquisición de parcela a Sepes para destinala á construción dun punto limpo, que transcrito di:

“9º.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN PARCELA A SEPES PARA DESTINALA Á CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de Decembro de 2007 que transcrita literalmente di:

PROPOSTA

Atendido que este Concello precisa, para a instalación dun punto limpo, xuntamente có Concello de Cabanas, a adquisición dunha parcela, considerándose a localización máis idónea para a instalación o Polígono Industrial de Vilar do Colo, e dentro deste, a parcela máis axeitada é a H2, propiedade de SEPES, Entidad Pública Empresarial de Suelo

Atendido que ,logo de conversas e xestións coa citada Entidade Pública Empresarial, por ésta se oferta a parcela H2 cunha bonificación dun 50% do prezo final da parcela, situándose en 22,66 € m² unha vez bonificado, polo que resulta un prezo para cada Concello de 28.234,36 euros.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 17 de Decembro de 2007 relativo á valoración de parcela H-2 do Polígono Industrial “Vilar do Colo” que transcrito di:

“Asto.: **INFORME SOBRE VALORACIÓN DE PARCELA H-2 DO POL. IND. “VILAR DO COLO” PARA ADQUISICIÓN POLO CONCELLO CON DESTINO A EMPRAZAMENTO DO “PUNTO LIMPO” MUNICIPAL.**

En cumprimento da Providencia da Alcaldía de 13 de novembro de 2.007 relativa a valoración da parcela H2 do Polígono Industrial “Vilar do Colo” para adquisición polo Concello para emprazamento do “Punto Limpo” municipal, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte INFORME:

1.- Segundos datos de parcelas de “Vilar do Colo” obrantes no Concello a parcela H2 ten unha forma irregular con superficie neta de 2.492,11 m² e aproximadamente 21,5 m de fronte á Rúa “F” estando situada totalmente en Fene.

Dos mesmos planos dispoñibles resulta que dispón de todos os servizos urbanos necesarios para a citada instalación: acceso rodado, abastecemento, saneamento, electricidade e rede de telefonía.

2.- Segunda información pública de SEPES relativa a prezos de parcelas en “Vilar do Colo”, actualizada a outubro de 2.007, o prezo de venda da referida parcela H2 é de 49,02 €/m², o que supón un custo neto de 122.163,23 €, ao que se engadirá o I.V.E. e tributos e impostos que procedan (plusvalía, gastos de venda e inscrición, etc.).

3.- O emprazamento da parcela, nunha zona de aparente recheo, pode condicionar o tipo de cimentación necesario para as obras a executar, de maneira que o prezo de 22,66 €/m² supón unha redución sensible respecto do inicial xa que representa o 46,226 % do mesmo.

Agora ben, debo facer constar que o citado prezo unitario de 22,66 €/m² está referido segundo escrito de SEPES a 7 de abril de 2.006 e non se corresponde co 50% do prezo unitario actualizado que resulta dos citados 49,02 €/m² (SEPES actualiza anualmente o

prezos das parcelas pendientes de venda polo que debe considerarse o prezo máis recente dispoñible, segunda páxina adxunta como anexo).

Polo tanto, si o prezo a considerar ao público é o de 49,02 €/m², con unha redución do 50% estaríase actualmente nun prezo para os Concellos de Fene e Cabanas de:

$$2.492,11 \text{ m}^2 \times 0,50 \times 49,20 \text{ €/m}^2 = 61.081,62 \text{ €}$$

para a totalidade da parcela e considerando á súa vez un 50% para Fene resultaría un custo de:

$$0,50 \times 61.081,62 \text{ €} = 30.540,81 \text{ €} + \text{ gastos, impostos, etc., de compra-venda e inscrición}$$

que, á vista dos prezos feitos públicos de recentes actuacións de SEPES na comarca (Sector IV de "Río do Pozo" – NARÓN) resultan sensiblemente menores que os últimos en solo industrial.

4.- Faise constar que, sin a constancia previa do resultado do necesario Informe Xeotécnico da parcela e a admisibilidade da forma e superficie para instalación do "Punto Limpo" por parte da Consellería de Medio Ambiente, non procede manifestación sobre a idoneidade si ben xeográficamente o emprazamento resulta en principio axeitado para o servizo a prestar tanto ao propio polígono como para os cidadáns de Fene e Cabanas. “

Visto o informe de Secretaría de data 24 de decembro de 2007 no que, nas súas consideracións xurídicas di:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

Segunda.- O artigo 9.1 do RBEL establece que as entidades locais teñen plena capacidade xurídica para adquirir e posuír bens de todas clases e exercer as accións e recursos procedentes en defensa do seu patrimonio.

E o artigo 11 do devandito regulamento dispón que a adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das entidades locais, así como que tratándose de inmobles, esixiráse ademais, informe previo pericial.

Segunda.- O TRLCAP no seu artigo 9.1. establece que aos contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporales e valores negociables se lles aplicará, en primeiro lugar, en canto a súa preparación e adjudicación, as normas da lexislación patrimonial das Administracións públicas.

Remite, polo tanto, o TRLCAP, en canto á preparación e adjudicación dos contratos de compraventa, ao disposto na lexislación patrimonial das Administracións públicas.

Terceira.- A lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas establece no seu artigo 116(precepto éste de aplicación supletoria ás entidades locais) que:

“ En el ámbito de la Administración General del Estado, la competencia para adquirir a título oneroso bienes inmuebles o derechos sobre los mismos corresponde al Ministro de Hacienda, que podrá

ejercitarla por propia iniciativa, cuando lo estime conveniente para atender a las necesidades que, según las previsiones efectuadas, puedan surgir en el futuro, o a petición razonada del departamento interesado, a la que deberá acompañarse cuando se proponga la adquisición directa de inmuebles o derechos, la correspondiente tasación. La tramitación del procedimiento corresponderá a la Dirección General del Patrimonio del Estado.

2. La adquisición de inmuebles o derechos reales sobre los mismos por los organismos públicos vinculados a la Administración General del Estado o dependientes de ella se efectuará por su presidente o director, previo informe favorable del Ministro de Hacienda.

3. Al expediente de adquisición deberán incorporarse los siguientes documentos:

a) Una memoria en la que se justificará la necesidad o conveniencia de la adquisición, el fin o fines a que pretenda destinarse el inmueble y el procedimiento de adjudicación que, conforme a lo establecido en el apartado siguiente, y de forma justificada se proponga seguir.

b) El informe de la Abogacía del Estado, o del órgano al que corresponda el asesoramiento jurídico de las entidades públicas vinculadas a la Administración General del Estado sobre las condiciones de adquisición protegida.

c) La tasación del bien o derecho, debidamente aprobada, que incorporará el correspondiente estudio de mercado.

4. La adquisición tendrá lugar mediante concurso público, salvo que se acuerde la adquisición directa por las peculiaridades de la necesidad a satisfacer, las condiciones del mercado inmobiliario, la urgencia de la adquisición resultante de acontecimientos imprevisibles, o la especial idoneidad del bien. Igualmente se podrá acordar la adquisición directa en los siguientes supuestos:

a) Cuando el vendedor sea otra Administración Pública o, en general, cualquier persona jurídica de derecho público o privado perteneciente al sector público. A estos efectos, se entenderá por persona jurídica de derecho privado perteneciente al sector público la sociedad mercantil, en cuyo capital sea mayoritaria la participación directa o indirecta de una o varias Administraciones públicas o personas jurídicas de Derecho público.

b) Cuando fuera declarado desierto el concurso promovido para la adquisición.

c) Cuando se adquiera a un copropietario una cuota de un bien, en caso de condominio.

d) Cuando la adquisición se efectúe en función de un derecho de adquisición preferente.

5. Si la adquisición se hubiese de realizar mediante concurso, la correspondiente convocatoria se publicará en el "Boletín Oficial del Estado", sin perjuicio de los demás medios de publicidad que pudieran utilizarse.

6. El importe de la adquisición podrá ser objeto de un aplazamiento de hasta cuatro años, con sujeción a los trámites previstos para los compromisos de gastos futuros."

No suposto examinado, na Providencia da Alcaldía de data 13 de novembro de 2007 sinálase que á parcela cuxa adquisición se pretende é a H2, propiedade de SEPES .

Tendo en conta que o vendedor de dita parcela será SEPES, Entidade Pública empresarial del Suelo, a xuízo da que subscribe, cabe a posibilidade de adquisición directa , toda vez que concorre o suposto recollido no apartado 4 a) do artigo 116 da LPAP.

Polo que respecta á competencia, de acordo có que dispón o artigo 21 da LBRL a competencia para a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin os tres millóns de euros .correspóndelle ao Alcalde da Corporación, extremo éste que debe ser informado pola Intervención Municipal. Se ben no Concello de Fene a competencia efectiva, dado que o valor supera os 12.000 euros correspondería á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía feita por Resolución da Alcaldía de data 9 de xullo de 2007.

Caso de exceder de dítos límites, a competencia corresponderá ao Pleno da Corporación.

En canto ao procedemento, no expediente deben constar os seguintes documentos:

- Memoria na que se xustifique a necesidade ou conveniencia da adquisición, o fin ou fins a que pretende destinarse o inmovible e o procedemento de adxudicación que, conforme ao establecido no apartado 4 do artigo 116 da LPAP.

- A tasación do ben o dereito debidamente aprobada, que incorporará o correspondente estudio de mercado.

- Informe de Secretaría
- Certificado de existencia de crédito presupostario.
- Informe de fiscalización da Intervención municipal.”

Vista a Memoria da Alcaldía obrante no expediente, de data 24 de decembro de 2007.

Vista a certificación de Intervención nº 522/2007 de data 26 de decembro de 2007, na que se sinala que:

“CERTIFICACIÓN DE INTERVENCIÓN NUM.522/2007

Asunto: Certificado de existencia de crédito para a adquisición dunha parcela destinada a instalación dun punto limpio.

D. Águeda Bello Valdés interventora do Concello de Fene ao abeiro do establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ten a ben

CERTIFICAR

a existencia de crédito axeitado e suficiente, para a adquisición dunha parcela destinada a construcións dun punto limpio con cargo a partidas 442.601.00, por importe de 28.234,36 euros.

E para que así conste, para unir ao correspondente expediente do asunto de referencia, en virtude da esixencia do artigo 31 do RD 500/90, expido a presente certificación.”

Visto o informe de Intervención núm. 523/2007, de data 26 de Decembro de 2007 que literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM. 523/2007

Asunto: Adquisición de parcela, propiedade de S.E.P.E.S. para a instalación dun punto limpio.

D.Agueda Bello Valdés interventora do Concello de Fene, ao abeiro do establecido no artigo 214 do R.D. Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido de la Lei reguladora das facendas locais, con carácter previo ao adquisición da parcela referencia ten a ben emitir o seguinte

INFORME

1.- Respecto a existencia de crédito axeitado e suficiente,ao nivel de vinculación xuridica, compre decir que según o disposto nos artigos 167 e 172 TRLFL e nos artigos 24 e seguintes do RD 500/1990, os creditos orzamentarios para gastos só poden destinarse a finalidade específica para a cal foron autorizados no orzamento, finalidade que se determina pola clasificación funcional e a clasificación economica pola que se define a partida orzamentaria. Neste caso existe crédito suficiente na partida 2007.442.601.00 por importe de 28.234,36 euros.

2.- Competencia do órgano: resulta competente a xunta de goberno local, vista a delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local, neste sentido no artigo 21.1.p) “ corresponde ao Alcalde a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non exceda o 10

por cento dos recursos ordinarios do orzamentos, e en todo caso, cando sexa superior a tres millóns.

3.- Executividade dos recursos que financian o gasto, financiase con recursos propios do Concello.

4.- De conformidade co artigo 80.2 da LRBRL “ los bienes patrimoniales se rigen por su legislación específica y, en su defecto, por las normas de derecho privado” (Art. 1.2 RB sobre sistema de fontes na materia de bens).

5.- De conformidade co artigo 9.1 TRLCAP “los contratos privados de las administraciones publicas se regirán en cuanto a su preparación y adjudicación, en defecto de norma administrativa específica, por la presente ley y sus disposiciones de desarrollo y en cuanto a sus efectos y extinción, por las normas de derecho privado. A los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos analógicos sobre bienes inmuebles, propiedades incorporales y valores negociables se les aplicarán, en primer lugar, en cuanto a su preparación y adjudicación, las normas de la legislación patrimonial de las correspondientes administraciones publicas”.

6.- De conformidade co disposto no artigo 10.1 LBELA “ la adquisición de bienes a título oneroso se regirá en cuanto a su preparación y adjudicación por la normativa reguladora de la contratación de las administraciones publicas”.

9.- Orde de iniciación do expediente polo órgano de contratación, o órgano competente para contratar, adxudicar, é tamén o competente para acordar a iniciación do expediente, a aprobación do expediente de contratación é para a apertura do procedemento de contratación, sobre a base do informe razoado do servizo, xustificándose a necesidade da contratación así como o procedemento e a forma de adxudicación elegidos. Neste caso, consta a memoria da Alcaldía xustificando a necesidade da compraventa.

10.- comprobouse que consta obxecto definido, prezo certo e non, se leva a cabo fraccionamento na compra.

11.- consta no expediente informe da secretaria municipal.

12.- xustificase adecuadamente no expediente a forma de adxudicación elegida así como o procedemento., ao abeiro do artigo 116.4 aÇ) da LPAP.

13.- Respecto ao punto cuarto da proposta fiscalizada, esta intervención entende que na Lei reguladora das facendas establece que ao abeiro do establecido no seu artigo 9.1 “ non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas de rango de lei ou nos tratados internacionais. Neste sentido tamén se pronuncian as ordenanzas fiscais reguladoras da taxa e o imposto citados respectivamente. En base ao dito a citada cláusula suporía unha exención total dos tributos locais correspondentes por tanto, non considero que esta axustada a dereito.”

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Adquirir ao SEPES, Entidade Pública Empresarial de Suelo, a mitad proindivisa, xunto có Concello de Cabanas, da parcela H2 do Polígono Industrial de Vilar do Colo, polo prezo de 28.234,36 euros , para destinala á construción dun Punto Limpo con cargo a partida orzamentaria 442.601.00

SEGUNDO.- Solicitar a SEPES a confirmación por escrito da aceptación da seguinte proposta:

“Visto o convenio de colaboración na xestión comercial entre o Concello de Fene e o SEPES de data 29 de setembro de 2000.

Vista a providencia de alcaldía onde di: “o prezo da venda aboarase mediante compensación con cargo ao 3% da comisión que percibe o Concello pola venda de parcelas no polígono de vilar do colo...”

Visto o informe da técnico local de emprego, M^a Belen Souto Calvete, de data 14 de novembro de 2007, que transcrito literalmente di: “

M^a Belén Souto Calvete, como axente de desenvolvemento local ao fronte da Oficina de Promoción Industrial según o acordado no convenio de colaboración da xestión comercial entre o concello de Fene e SEPES, Entidade Pública Empresarial do Solo, asinado o 29 de setembro de 2000, a petición da Corporación Municipal do Concello de Fene,

INFORMO:

1º.- Que o importe das parcelas que se venderon os días 13/06/2005 e 27/07/2005 (según datos facilitados por SEPES), ascende a 1.183.821 euros.

Parcela	Superficie M²	Prezo (euros/m²)	Importe (euros)	3% (euros)	Adxudicatario	Data de venta
J1	7.874	50	393.700	11.811	Sociedad de Salvamento y seguridad maritima	13/06/2005
J2	5.193	47	244.071	7.322,13	Sociedad de Salvamento y seguridad maritima	13/06/2005
J3	6.635	50	331.750	9.952,50	Sociedad de Salvamento y seguridad maritima	13/06/2005
J4	4.286	50	214.300	6.429	Eurodistricam SL	27/07/2005

2º.- Que o 3% de comisión que percibirá o Concello por venda de parcelas no Polígono Industrial Vilar do Colo segundo o Convenio asinado en data 29-09-2000 polo concello de Fene e SEPES, para as parcelas J1, J2, J3 e J4 ascende a 35.514,63 euros.”

PROPONSE

Primeiro.- Solicitar a conformidade do SEPES cas débedas relacionadas no informe da técnico local de emprego recollido nos antecedentes da proposta.

Segundo.- Instar de mutuo acordo; supeditado a conformidade da débeda anterior; a compensación do pago da parcela H2 do polígono industrial de Vilar do Colo, polo prezo de 28.234,36 euros, cas débedas relacionadas no apartado primeiro da proposta que ascende a un total de 35.514,63 euros, quedando a diferenza pendente de ingreso a favor do Concello por importe de 7.280,27 euros.

Terceiro.- Notificar o presente acordo o Sepes os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a SEPES, Entidad Pública Empresarial de Suelo e ao Concello de Cabanas.

CUARTO.- Adquirir o compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

QUINTA.- O Concello de Fene renuncia a reter da achega do concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

SEXTO.- Adquirir o compromiso de asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia a súa explotación, mantemento e conservación.

SETIMO.- Dar traslado dos presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

OITAVO.- Ratificar os presentes acordos polo Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que celebre a Corporación.”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria acorda por unanimidade prestar aprobación á porposta da Alcaldía de data 26 de Decembro de 2007, que devén en acordo nos términos anteriormente transcritos.”

A continuación, pola Secretaria Xeral dáse lectura á nota informativa de Secretaría núm. 1/2008, de data 3 de Xaneiro que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

1/2008.

Téndose incluído na Orde do día da sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación o día da data o asunto relativo a ratificar acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2007 sobre adquisición de parcela a SEPES para destinala á construción dun punto limpo, en uso das atribucións conferidas á Secretaría da Corporación polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Secretaría, coas limitacións propias desta nota fánse as seguintes observacións:

- Segundo certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 27 de decembro de 2007, expedida pola Secretaria accidental en dita data obrante no expediente, no apartado quinto da parte dispostiva acordóuse que “ O Concello de Fene renuncia a reter da achega do concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras”.

O artigo 9.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece no seu parágrafo primeiro que “ No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales”.

Á vista do disposto no precepto citado, a xuízo da que subscribe, o apartado quinto do acordo citado adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de decembro de 2007 non se axusta á legalidade.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha (1) plana. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poden ser ulteriormente ampliadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sometese a votación ordinaria a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de Decembro de 2007 anteriormente transcrito, sendo ratificado por unanimidade dos/as Señores/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE SOBRE SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE FORMULADA POR DON MARCO ANTONIO BLANCO CACHAZA.

A continuación dase conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 28 de Decembro de 2007 que, transcrito di:

“2º.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE FORMULADA POR DON MARCO ANTONIO BLANCO CACHAZA.-

Seguidamente dase conta da proposta de data 26 de Decembro de 2007 que transcrita di o seguinte:

“ PROPOSTA

Visto o escrito presentado por Don Marco Antonio Blanco Cachaza, Policía Local deste Concello, de data 12 de novembro de 2007 (entrada 13.11.07; núm. Rexistro 9796) no que solicita concesión de compatibilidade para o exercicio da actividade privada (asesor comercial ou conductor).

Visto o informe de Secretaría de data 17 de decembro de 2007 no que, nos seus fundamentos de dereito e conclusión se sinala:

“FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Lexislación aplicable

-Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Segundo.- *O artigo 6.7 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, aplicable aos Policías Locais, conforme ao seu artigo 52, establece (o citado artigo 6.7) que a pertenza e estes Corpos é causa de incompatibilidade para o desempeño de calquera outra actividade, pública ou privada, agás aquelas actividades exceptuadas da lexislación sobre incompatibilidades, e que son as reseñadas no artigo 19 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, precepto éste que establece que:*

“ Quedan exceptuadas del régimen de incompatibilidades de la presente Ley las actividades siguientes:

- a) *Las derivadas de la administración del patrimonio personal o familiar, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 12 de la presente Ley.*
- b) *La dirección de seminarios o el dictado de cursos o conferencias en Centros oficiales destinados a la formación de funcionarios o profesorado, cuando no tengan carácter premanente o habitual ni supongan más de setenta y cinco horas al año, así como la preparación para el acceso a la función pública en los casos y forma que reglamentariamente se determine.*
- c) *La participación en Tribunales calificadores de pruebas selectivas para ingreso en las Administraciones Públicas*
- d) *La participación del personal docente en exámenes, pruebas o evaluaciones distintas de las que habitualmente les correspondan, en la forma reglamentariamente establecida.*
- e) *El ejercicio del cargo de Presidente, vocal o miembro de Juntas rectoras de Mutualidades o Patronatos de Funcionarios, siempre que no sea retribuido.*
- f) *La producción y creación literaria, artística, científica y técnica, así como las publicaciones derivadas de aquéllas, siempre que no se originen como consecuencia de una relación de empleo o de prestación de servicios.*
- g) *La participación ocasional en coloquios y programas en cualquier medio de comunicación social; y*
- h) *La colaboración y la asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias o cursos de carácter profesional.”.*

No suposto examinado, as actividades para as que se solicita a compatibilidade (asesor comercial ou conductor) non se atopan incluídas entre as excepciónadas no artigo anteriormente transcrito, polo que, pola incompatibilidade específica dos funcionarios da Policía Local, non procede a autorización da compatibilidade solicitada, sendo competente para resolver verbo da solicitude o Pleno da Coporación, de conformidade có disposto no artigo 14 da lei 53/1984.

CONCLUSIÓN

*En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe **NON PROCEDE** a concesión da compatibilidade para actividade privada solicitada polo funcionario Don Marco Antonio Blanco Cachaza.”*

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Denega-la cocompatibilidade solicitada por Don Marco Antonio Blanco Cachaza para actividade privada (asesor comercial ou conductor) polos motivos expostos no informe de Secretaría transcrito na parte dispositiva do presente acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado”

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión,

dictaminar favorablemente a proposta que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.””

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que se remite aos informes de Secretaría e Intervención en canto á non posibilidade de acceder á petición que se solicita; di que que no seu momento na Comisión presentóuselle a todos os grupos; que ven aprobado da Comisión e sometese a aprobación do pleno sen máis argumento político porque neste caso non existe, senón o argumento dos dous técnicos do Concello competentes no caso que son claros e concluíntes.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que van manter o voto da comisión que foi a favor do ditame que se acaba de ler e conformes cos dous informes de Secretaría e Intervención; di que quizás ao mellor non se plantexou por parte deste funcionario a solicitude cun maior grado de concreción e incluso puidera ter relación coa administración do patrimonio persoal, pero non o saben e que o que si é certo é que hai recoñecemento de compatibilidade a funcionarios públicos con actividades privadas e o caso dos Policías Locais pensa que é bastante difícil de compatibilizar e que manteñen o voto da comisión.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que visto o informe de Secretaría na comisión votou que si e agora o vai manter, pero ao día da data reciben unha determinada información que queren analizala con tempo; di que na comisión tamén preguntaron se as exclusións eran taxativas, se había algunha cousa que puidera salvar a situación, pero que isto non exclúe que á vista de informacións que poidan recoller haxa un apoio ao traballador ou traballadores .

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que historicamente no Concello se viñan dando as compatibilidades a tódolos funcionarios que as viñan pedindo; que descoñece os pormenores de cada unha delas e que teñen certas dúbidas que estas compatibilidades ou incompatibilidades para ter unha segunda tarefa no tempo libre fóra do Concello sexan tan estrictas como se indican nos informes, pero como tampouco son xuristas a ese nivel poden dicir efectivamente se é así ou non: di que en todo caso cabe a prudencia desde o seu grupo de ver que probablemente cun nivel maior de concreción á vista dalgunha sentenza da que que teñen coñecemento , se puidera dar esta compatibilidade; que cre que no procedemento posterior ao que estase a tomar hoxe neste pleno poderase ver a posibilidade de variar o sentido do seu voto e dar esta compatibilidade se é que efectivamente desde o punto de vista xurídico se pode dar.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere lembrar que a Policía Local ademáis da lexislación que rexe para as compatibilidades ou incompatibilidades dos demais funcionarios segundo informe da Secretaria, se lle aplica a Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que neste caso é mais restrictiva. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en todo caso, vista a documentación posterior quere lembrar que esta decisión que tomou a comisión e que hoxe toma a Corporación en sesión plenaria é aínda susceptible dun recurso de reposición por parte do interesado, recurso que faría que o tema se abordase novamente en comisión informativa, e pasase novamente a pleno para adoptar xa unha decisión definitiva ao respecto; do que de momento o que a Corporación tivo na súa man é un informe da Secretaria clarísimo ao respecto e tamén tense pronunciado así a Intervención no mesmo sentido

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 28 de decembro de 2007, sendo aprobada por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 28 de decembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, BENESTAR E IGUALDADE SOBRE APROBACIÓN BASES PROGRAMA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a pesar de que se reuniu a comisión informativa onte para tratar este asunto e para aprobar estas bases, no momento no que se asinou a convocatoria do pleno o ditame aínda non existía, estaba pendente da reunión da comisión informativa, polo que procede votar a ratificación da inclusión do asunto na orde do día.

De seguido polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión .

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 3 de Xaneiro de 2008 que transcrito di:

“PUNTO ÚNICO:.-PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO.

Seguidamente dáse conta da proposta da concelleira delegada da área de Dinamización social, benestar e igualdade, de data 21 de novembro de 2007 que, transcrita di:

“PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL

DNA. RITA COUTO SEIJO, DELEGADA DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, BENESTAR E IGUALDADE

Visto o informe elaborado pola pedagoga municipal Dna. M^a José Paz Rodríguez, con data de 21 de novembro de 2007, que transcrito di:

“NOME DO PROXECTO “

PROGRAMA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO

ANTECEDENTES

O Concello de Fene ten elaborado un PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL que foi aprobado definitivamente, logo dun período de alegacións, o 6 de abril de 2001, e que dende entón se ven desenvolvendo de acordo cos distintos proxectos recollidos no mesmo, está integrado no Plan Galego de Voluntariado da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.

E sigue as directrices que se recollen na lei 3/2000 do 22 de decembro do voluntariado de Galicia.

BASES REGULADORAS

1.- OBXECTO.

Será obxecto das presentes bases regular a concesión de axudas individuais de pago trimestral ou con carácter puntual (segundo a finalidade da axuda), destinadas a cubrir gastos derivados da realización de actividades de voluntariado por parte do grupo de persoas integradas no Programa de Voluntariado Social do Concello de Fene.

2.- DESTINATARIOS (REQUISITOS DE ACCESO)

- Voluntarios/as do Concello de Fene que teñan formación así como o contrato e carné actualizados.
- Estar dado de alta no seguro colectivo do Programa de Voluntariado.
- Estar realizando actividades de voluntariado que supoñan un coste adicional. Estas actividades estarán recollidas e aprobadas no plan de traballo individual do/a voluntario/a.

3.- FINALIDADE DAS AXUDAS.

Poderanse conceder axudas ós/ás voluntarios/as polos seguintes conceptos:

- Gastos de desprazamento ó lugar onde se realice a actividades de voluntariado, e viceversa.
- Gastos de formación e/ou asistencia a cursos, congresos, foros, etc. relacionados co Voluntariado, previo informe favorable da responsable do programa.
- En casos excepcionais gastos derivados da actividade voluntaria, dietas de comida ou similar.

4.- CONTÍAS.

4.1.- Axudas para cubrir costes de desprazamento:

- a) Derivados da utilización de transporte público: 100% do coste dos billetes do transporte público que se utilice.
- b) Derivados da utilización do vehículo particular, estableceuse unha contía de 0,19 €/Km, aplicando con carácter supletorio RD 462/2002 do 24 de maio

4.2.- Gastos de formación. Incluirán:

- Desprazamento (segundo o estipulado no apartado 4.1).
- Dietas de comida (ata un máximo de 12 euros).
- Peaxe.
- Formación (inscrición e matrícula).

6.-PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO.

- Presentación a comisión inforamtiva da Área de dinamización social, Benestar e Igualdade dun informe co plan de traballo, control-seguimento e indicación dos gastos estimativos derivados da actividade voluntaria.

- Aprobación polo órgano local competente a contía da axuda a abonar ó/a voluntario/a.
- A responsable do programa remitirá ó Departamento de Intervención, con periodicidade semestral, un informe global do conxunto de voluntarios/as coas contías das axudas que se determinen pagar en función dos gastos reais ocasionados pola actividade.

7.- FORMA DE PAGO DAS AXUDAS.

O pagamento da axuda a través da entidade bancaria que o/a voluntario/a indique para tal fin, previa presentación da comunicación da conta bancaria en modelo oficial que se lle facilitará.

DOCUMENTOS QUE SE UTILIZAN NO PROGRAMA:

ANEXO I

MODELO DE ACORDO OU COMPROMISO DE INCORPORACIÓN A PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

CONCERTADO POR:

Dunha parte, o Concello de Fene con núm. de rexistro **L- 29** e, no seu nome e representación, , maior de idade con DNI núm. en calidade de **ALCALDE-PRESIDENTE**.

Doutra parte, D/Dna. con data de nacemento do , e DNI núm. , número de póliza de seguro , con vecindade en Fene, domicilio en Rúa

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente **ACORDO DE COLABORACIÓN**, aos fins do cal

MANIFESTAN:

I.- O Concello de Fene está constituído con personalidade xurídica autónoma, e para a consecución dos fins propios do Voluntariado, estableceu no seu Departamento de Servizos Sociais un Programa de Voluntariado aprobado en Comisión de Goberno de 6 de abril de 2001, e incluído no Plan Galego de Voluntariado 2006-2010 e ten como obxecto os seguintes fins:

XERAIS:

- Sensibilizar á poboación dos valores de solidariedade e participación social.
- Promover e facilitar a participación solidaria dos cidadáns en actuacións de voluntariado no seo dos Servizos Sociais Municipais.

ESPECÍFICOS:

- Captar un grupo de persoas con inquiredanzas polos temas sociais, que sexan capaces de acadar un compromiso de traballo e colaboración cos Servizos Sociais de Atención Primaria.
- Formar e capacitar ás persoas voluntarias coa finalidade de que poidan realizar un traballo de acordo coas características e necesidades dos Servizos Sociais.
- Motivar ás persoas voluntarias para que vexan as posibilidades que ofrece a súa participación nos distintos programas do Concello de Fene
- Coordinar as actuacións na temática de voluntariado para non illalas e garantir a participación das instancias, tanto públicas como privadas, dedicadas a temas de interese social e, especificamente a temas de voluntariado

II.- A PERSOA VOLUNTARIA está interesada en colaborar de maneira altruísta no marco dalgún dos proxectos do Programa de Voluntariado do Concello de Fene.

III.- Para formalizar as relacións que ambas as dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 11 de Lei 3/2000, do 22 de decembro, do Voluntariado de Galicia (D.O.G. do 28 de decembro de 2000)e o abeiro do Programa Municipal de Voluntariado aprobado na Comisión de Goberno de 6 de abril de 2001, é polo que se realiza o presente **ACORDO DE COLABORACIÓN**, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Carácter altruísta da relación:

A colaboración que preste a PERSOA VOLUNTARIA en calquera dos proxectos do Concello de Fene terá un carácter totalmente altruísta e gratuíto, sen que reporte ningún tipo de salario, honorarios, prima, dietas ou calquera outra contraprestación de carácter retributivo.

En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, funcional, mercantil ou calquera outra retribuída.

Segunda.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria:

1. A PERSOA VOLUNTARIA ten os seguintes **dereitos**:

- a) Recibir a orientación, formación e apoio necesarios para o exercicio da súa actividade.
- b) Ser tratado sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas
- c) Participar activamente no Concello de Fene, de acordo cos seus estatutos e normas de actuación.
- d) Estar asegurada polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade voluntaria.
- e) Dispor dunha acreditación que lle identifique como persoa voluntaria.
- f) Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- g) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado, que poderán, se é o caso como recoñecemento do seu valor social, ser obxecto de valoración no seu currículo.
- h) Cesar libremente na súa condición de persoa voluntaria.

2. A PERSOA VOLUNTARIA ten as seguintes **obrigas**:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos co Concello de Fene, respectando os seus fins e normativa.
- b) Gardar cofidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- c) Rexeitar calquera contraprestación material que puidera recibir, ben da persoa beneficiaria, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- d) Respectar os dereitos das persoas beneficiarias da súa actividade voluntaria. Actuar de forma dilixente e solidaria.
- e) Participar nas tarefas formativas previstas polo Concello de Fene, tanto específicas da actividade voluntaria, como xerais sobre o voluntariado.
- f) Seguir as instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- g) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos do Concello de Fene.

h) Respetar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición o Concello de Fene.

Terceira.- Deberes do Concello de Fene:

O Concello de Fene **comprométese** coa persoa voluntaria a:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.
- b) Subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción do voluntariado tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- c) Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.
- d) Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas á persoa voluntaria.
- e) Proporcionarlle a formación específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
- f) Garantirle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- g) Facilitarlle unha acreditación que lle habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- h) Expedirle un certificado que acredite os servizos prestados.

Cuarta.- Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración nas seguintes actividades do Concello de Fene:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5.....
- 6

Quinta.- Tempo de adicación que se compromete a realizar a PERSOA VOLUNTARIA:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración durante _____ horas semanais.

SEXTA.- Proceso de formación requerido:

A formación específica para a realización do servizo no que A PERSOA VOLUNTARIA vai a colaborar e a seguinte:

() A PERSOA VOLUNTARIA xa dispón desa formación requerida.

() A PERSOA VOLUNTARIA adquirirá a formación necesaria dentro do Concello de Fene, asistindo aos cursos e/ou actividades que este vaia establecendo.

SÉTIMA.- Duración do compromiso:

O presente acordo terá unha duración indefinida.

Calquera das partes poderá deixalo sen efecto, debendo comunicar a decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para o que recibe a comunicación.

OITAVA:

Para o non previsto no texto do acordo rexerá a lei 3/2000, do 22 de decembro, do Voluntariado de Galicia e no Programa Municipal de Voluntariado Social do Concello de Fene.

E, en proba de conformidade, asínano ambos os dous intervinientes en Fene, o _____ de _____ de 200 ---.

O alcalde,

A persoa voluntaria,

Asdo.: José Iván Puentes Rivera

Asdo.:

ANEXO II

SOLICITUDE DE AXUDA INDIVIDUAL DESTINADA A CUBRIR OS GASTOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO

D./D^a _____ inscrita no rexistro do Programa de Voluntariado Social do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Fene dende o ____ de _____ de 200__ co carnet de voluntari@ nº____, tendo formalizado compromiso de colaboración con dito concello e coa súa alta correspondente no seguro colectivo do Programa de Voluntariado de Galicia,

EXPÓN:

Que, previa solicitude e aprobación da responsable do Programa de Voluntariado Social Municipal, asistiu ó curso, congreso, foro ..., de voluntariado celebrado en _____ os días _____ de _____ de 200__, polo que

SOLICITA:

Acollerse á axuda individual destinada a cubrir os gastos derivados da realización de actividades de voluntariado, contempladas no Programa de Voluntariado Social do Concello de Fene, polos seguintes conceptos:

Gastos de formación e/ou asistencia a cursos, congresos, foros, etc. relacionados co Voluntariado.

Gastos derivados da actividade voluntaria, dietas de comida ou similar.

✓ **DESGLOSE DE GASTOS POR FORMACIÓN:**

Matrícula: _____ euros

Desprazamento:

Vehículo propio: _____ kms x 0.19 euros: _____ euros.

Transporte público (adxúntase billete ou tiket): _____ euros .

Dietas:

Comida: _____ euros Aloxamento: _____ euros.

Adxuntar: facturas restaurantes, tickets autopista, matrícula curso e o título acadado.

Importe total: _____ **euros.**

E previos os trámites correspondientes lle sexa aboada a cantidade de _____ euros na entidade bancaria _____ nº de cuenta - - - - -

Fene, a ___ de _____ de 200__

Asdo.: M^a José Paz Rodríguez
Responsable P. Voluntariado Social

Asdo.: A Interesada

ANEXO III

Ficha a cubrir polos/as voluntarios/as

BOLSA DE VOLUNTARIADO

DATOS PERSOAIS.-

NOME

APELIDOS

DNI

DATA DE NACEMENTO

IDADE

NACIONALIDADE

ENDEREZO

TELÉFONOS

CORREO ELECTRÓNICO

PROFESIÓN

VEHÍCULO

ÁMBITO DE ACTUACIÓN XEOGRÁFICA

LOCAL

Especifica-lo ámbito xeográfico (localidade, zona):

ÁREA OU ÁREAS DE ACTUACIÓN

SERVIZOS SOCIAIS:

- Minusvalias
- Infancia
- Muller
- Drogodependencias
- Axuda no fogar
- Xuventude
- Persoas maiores
- Minorías étnicas
- Outras áreas:

FORMACIÓN ACADÉMICA

Estudios realizados

DISPOÑIBILIDADE

Horario dispoñible:

- Mañás
- Tardes
- Fin de semana
- Outros

Duración:

- Puntual
- Curso escolar
- Ano natural
- Estacional

Días de voluntariado

Horas de voluntariado

EXPERIENCIA ASOCIATIVA E/OU EN VOLUNTARIADO

Se participou anteriormente no servizo voluntario europeo, en actividades comunitarias ou en organizacións de voluntariado. Indique a entidade e as tarefas realizadas:

Se pertence actualmente a algunha asociación indique a cal

INDIQUE OUTROS COÑECEMENTOS RELEVANTES

A persoa que asina declara que a información facilitada neste formulario é exacta e que está disposta a colaborar nas actividades levadas a cabo nos diferentes programas de voluntariado desenvolados nos Servizos Sociais do Concello de Fene

Fene ade.....de.....

ANEXO IV

LIBRO OFICIAL DE REGISTRO DE VOLUNTARIOS/AS

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL



LIBRO OFICIAL DE REXISTRO DE PERSOAS VOLUNTARIAS

SERVIZOS SOCIAIS – CONCELLO DE FENE

L

LIBRO OFICIAL DE REXISTRO DE PERSOAS VOLUNTARIAS

ENTIDADE: CONCELLO DE FENE

RESPONSÁBEL DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO
SOCIAL: M^aJosé Paz Rodríguez

O Alcalde

Esta tarxeta de identificación acredita a/o voluntaria/o a levar a cabo as funcións propias relacionadas cá súa actividade de voluntariado no Concello de Fene.


O uso desta tarxeta é exclusivo e intransferíbel


Esta tarxeta caduca o día 31 de decembro de 2009

Esta tarxeta de identificación acredita a/o voluntaria/o a levar a cabo as funcións propias relacionadas cá súa actividade de voluntariado no Concello de Fene.

O uso desta tarxeta é exclusivo e intransferíbel

Esta tarxeta caduca o día 31 de decembro de 2009

	TARXETA DE IDENTIDADE DE VOLUNTARIA/O	
	Nº <input type="text"/>	
Titular: D.N.I: Enderezo: Teléfono:		
	Fene, 18 xullo de 2007	
Sinatura da interesada, alcalde,		O

	TARXETA DE IDENTIDADE DE VOLUNTARIA/O	
	Nº <input type="text"/>	
Titular: D.N.I: Enderezo: Teléfono:		
	Fene, 18 de xullo de 2007	
Sinatura da interesada, alcalde,		O

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras a concesión de axudas individuais de pago trimestral ou con carácter puntual (segundo a finalidade da axudas), destinadas a cubrir gastos derivados da realización de actividades de voluntariado por parte do grupo de persoas integradas no Programa de Voluntariado Social do Concello de Fene, anteriormente transcritas.

SEGUNDO.- Publicar as bases reguladoras anteriormente transcritas no Boletín Oficial da Provincia.”

Non producíndose debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 3 de Xaneiro de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión .

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 3 de Xaneiro de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE PLAN ESTRATÉXICO DE NAVANTIA (PEN): NOVA RECONVERSIÓN ENCUBERTA QUE SUPORÁ O PECHE DE ASTANO E A DESAPARICIÓ DA CONSTRUCCIÓN NAVAL CIVIL NA RÍA DE FERROL.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dado que é unha moción que non está dictaminada pola Comisión Informativa, o que procede é a súa inclusión no punto 7 que é o punto de mocions urxentes, polo que presentárase no punto sete e se debatirá.

6º.- DACCION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Dáse conta das Resolucions da Alcaldía comprendidas entre os números 972 do 10 de Decembro de 2007 e a número 1.058 de data 28 de Decembro de 2007.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que lles preocupa moito a Resolución da Alcaldía núm. 1017 relativa á fiscalización da obra do camiño de Marraxón á Central de a Fervenza, e parécelles que o Concello meteuse nun berenxenal que ao mellor non debería terse metido sobre todo sen ter as cousas como deberían estar; di que cre que podería ser moi grave o que estase a poñer de manifesto polos técnicos municipais tanto por Secretaría como por Intervención, que haxa que devolver unha subvención precisamente porque Fenosa non fixo unha cesión incondicional dos terreos; que cre que é bastante grave o que se pon de manifesto nos informes e que no futuro estas cousas deberíanse ver un pouco mellor porque as consecuencias económicas para o Concello poden ser importantes.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que con respecto a esta resolución, a nova Corporación cando asumiu as súas funcións o que fixo con respecto a esta obra foi asinar o contrato coa empresa que xa tiña adjudicada a obra con anterioridade á toma de posesión ; di que a actitude de Fenosa con respecto á cesión ou non dos terreos para facer a obra non era especialmente flexible, por informes da corporación pasada que obran no seu poder; que había que tomar a decisión no seu día e supón que a anterior Coporación tomou a decisión de facela con estas condicións; di que o que si lle compete á nova Corporación é certificar unha obra que estaba feita; que a día de hoxe, se a aptitude de Fenosa fora favorable sería subsanable, é dicir, poderíase chegar a un convenio para a cesión deses terreos e que a Corporación ten tido xa algún contacto con Fenosa para acadalo pero que de momento non fructificou e que o seu papel como Alcalde con esta resolución é simplemente aprobar a certificación dunha obra que xa estaba rematada e efectivamente con esas pegas que se poñen no informe de Secretaría e Intervención.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que o acordo, ante a aptitude de Fenosa que non cedía ,foi traído a pleno e aprobado en pleno, co risco que levaba facer esa obra e tamén sabendo que en cinco anos Fenosa non ía poder facer nada alí porque non ía ter maneira de facelo en cinco anos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que evidentemente a obra está feita; di que había unha maioría que a aprobou pero iso non quere dicir que houbera unanimidade en torno a aquela aprobación porque houbera unha obxección precisamente a ese tema; que en todo caso foi aprobado por maioría, e eles non o aprobaron.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que aínda que eles a aprobaran no pleno segue a manter o mesmo, e que non se retracta porque para iso o tema da cesión é fundamental.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que a resolución da Alcaldía que ven a pleno o que fai é aprobar e certificar que se recibe unha obra que está feita e que está totalmente de acordo con que o procedemento terá que ser mellorado cando a esta Corporación lle competa adxudicar e desenvolver algún tipo de obra neste sentido.

7º.- MOCIÓNS URXENTES.-

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai presentadas ante a Alcaldía dúas mocións referidas ao mesmo asunto, unha do grupo municipal do Partido Popular sobre o futuro de Navantia Fene e o plan estratéxico de Navantia presentado pola Sepi e outra dos dous grupos do goberno municipal PSdeG-PSOE e do BNG sobre o futuro do estaleiro, e que a vontade do goberno municipal é que esa moción que tiveron a oportunidade de compartir cos outros dous grupos da corporación antes de iniciar a sesión sexa asumida pola totalidade dos grupos municipais e que poida saír deste pleno unha postura unánime sobre o futuro de Navantia e sobre o futuro de Fene que cre que é o que interesa aos veciños e veciñas de Fene e ao goberno municipal, unha moción que deixe ao lado as interpretacións políticas que cada grupo poida ter polo que se son capaces entre todos de deixar ao lado a parte máis política, e de discusión subxectiva e de poñerse de acordo sobre cuestións concretas que lle afectan aos veciños e veciñas de Fene sería positivo para os veciños e para a credibilidade desta Corporación: Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que non sabe se coñecido o texto aportado polo goberno municipal, o Partido Popular segue sometendo a súa moción a consideración do pleno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que eles á vista da exposición de motivos e máis desta moción conxunta, está claro que a súa moción non tería os máis mínimos visos de prosperar e que se son realistas a van aceptar pero queren facer unha serie de salvedades; di que a van aceptar porque en principio iso do plan estratéxico de Navantia é un proxecto e todos os proxectos por desgraza para aquí se consolidan.

O Sr. Alcalde- Presidente intervén e manifesta que entende que o Partido Popular retira a súa moción polo que o que procede será pasar a valorar a urxencia da moción presentada polo goberno municipal ; di que e que a urxencia ven motivada polo feito de que estánse a debater nestes momentos ese plan estratéxico para Navantia.

Pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que eles non retiran a súa moción.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que estase no punto de mocións urxentes, e que ou se presenta unha soa ou se presentan as dúas e se vota a urxencia dunha ou das dúas e logo débatese unha ou as dúas e pregunta ao Sr. Galego Feal se presentan a moción ou a retiran.

O Sr. Galego Feal Contesta e di que a presentan ,que non a retiran.

O Sr. Alcalde-Presidnete propón que para non repetir o mesmo debate dúas veces que se debatan as dúas mocións en conxunto.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da inclusión na orde do día da Moción presentada polo Partido Popular, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da Moción presentada polo Partido Socialista e Polo Bloque Nacionalista Galego, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha previa introducción antes de entrar no debate das dúas mocións que un pouco é redundando no que dixo o Sr. Alcalde; di que co ánimo de consensuar un acordo, por parte do BNG son quen incluso de variar a proposta que traen aquí consensuada co grupo socialista porque a súa vontade é chegar a un acordo, a un consenso para que, independentemente de quen esté gobernando e de quen dirixa a Sepi e o Ministerio de Industria, Astano teña futuro e xere riqueza.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que os catro puntos que propoñe o Partido Popular na súa moción non teñen nada de partidistas, xa que o que piden é rexeitar o plan estratéxico de Navantia porque cren que é prexudicial totalmente para a comarca, o primeiro punto; o segundo é instar ao goberno central para que fale outra vez coa Unión Europea e para que Astano poida voltar á construción civil, que xa se leva aprobado mil veces; instar ao goberno central tamén para que dote ao estaleiro de Navantia Fene de carteira de pedidos e instar ao goberno central para que os buques da Armada Australiana se executen integramente nos estaleiros de Ferrol e de Fene; polo que pensa que as peticións do Partido Popular non son nada partidistas. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que aceptan a exposición de motivos que se presenta na moción conxunta do PSdeG-PSOE e do BNG, que aceptan tamén os tres puntos que hai nela, e que o primeiro punto é un pouco escaso porque di: “o Pleno do Concello de Fene insta ao Goberno de España para que a integridade do actual estaleiro de Navantia Fene sexa dedicada á construción así como ás reparacións navais, civís e militares”; di que neste punto debería dicir á construción naval civil e militar dotándoa de carteira de pedidos propios.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que na exposición da moción fáuse un pouco de repaso da historia da construción naval en Fene e da propia historia de Astano pero que o fundamental da moción é o que se propón para a súa aprobación polo Pleno, que son tres puntos, o primeiro que o Pleno do concello de Fene inste ao Goberno de España para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene sexa dedicada á construción así como ás reparacións navais civís e militares, coa adición que fixo o voceiro do Partido Popular relativa a que se dote ao estaleiro de Fene dunha carga de traballo propia; en segundo lugar dise na moción que apoian a diversificación industrial sendo o propio estaleiro un dos motores da mesma, con novas actividades como as turbinas eólicas e en terceiro lugar solicitan unha xuntanza, dos representantes da corporación municipal de Fene coa dirección da SEPI para trasladar a súa preocupación e ser quen de darlle unha saída que favoreza unha reindustrialización real. Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e di que cre que son tres puntos nos que fácilmente pódense poñer de acordo todos, que son obxectivos, neutrais e que reflicten o sentir dos veciños de Fene e o sentir da Corporación municipal que é preocupación polo estaleiro no sentido de dotalo de máis carga de traballo, da maior posible, e de que teña un papel efectivo e real dentro do futuro do grupo estatal de construción naval.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que sempre vai apoiar toda esta serie de propostas que vaian por este camiño pero que o único que pide sempre é que se cumpra xa que que ao longo dos anos que leva aquí houbo como centos de propostas que saen pero á hora de cumprilas ningunha se cumpre; di que todos os que gubornaron, dunha parte e doutra, tiveron tempo a cumprir o que dende aquí se pediu e non se cumpríu e que pensa, aínda que a vai apoiar, que estas propostas non se van cumprir polos grupos que a presentan.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG chegou a este acordo co PSOE de presentar unha moción conxunta por unha cuestión fundamental ;que si se fan repasos históricos, poden botarse todos enriba as culpas ou responsabilidades de todas as xestións, boas, malas ou regulares; que é certo que aquí foron sempre especialistas en propoñer plans que nunca se cumpriron; que o único que se cumpríu foi reducir pero que por facer ferida niso, en que se teñen presentado centos de propostas que nunca saíron adiante, por tirar por aí nunca van a avanzar en nada e teñen que intentar dar un salto cara adiante pensando en construír futuro, riqueza e emprego, senón están chamados a que iso sexa unha explanada e Fene unha sociedade de pensionistas e xubilados onde a xente nova non exista. Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención dicindo que a proposta da Consellería de Industria á que se fixo alusión, evidentemente pode ser moi criticable pero é realismo , que se era a única saída posible é esa é preferible ter un estaleiro traballando con tres mil persoas , pero traballando, porque hai capacidade, a ter unha explanada; di que hai que apoiar á construción naval en tódolos ámbitos que é o que di o punto un; que se quere facer unha proposta constructiva o que hai que pedir é o que se quere; que no segundo punto, a diversificación industrial é posible tomar iniciativas pero ten que ser a propia Sepi como holding de empresas públicas a que tome esas iniciativas e como un dos seus obxectivos ten que ser crear emprego e crear riqueza, e non o fixo nunca, de aí ven o terceiro punto; que teñen que apostar e se son quen, todos xuntos neste pleno, por unanimidade reclamarlle á Sepi unha xuntanza e explicarlle a necesidade real de que o estaleiro en tódalas súas vertentes, colaborando con todas as Administracións, incluída a Local poidan lograr que aí se xere emprego; que o que non é rendible dende ningún punto de vista é ter unha explanada que non serva para nada; que cre que facer política tamén é intentar chegar a acordos polo interese de tódolos veciños e veciñas porque sabe que de aquí ás eleccións todo o mundo pode dicir o que queira sobre Astano e cada un poderá defender as súas posturas pero que hai que chegar é a un mínimo acordo e se esta xuntanza coa Dirección da Sepi se pode ter antes das eleccións mellor que mellor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en primeiro lugar cre que chegados a estas alturas do debate, se as cousas non tornan noutro xeito quere agradecer a vontade constructiva de tódolos grupos municipais en torno a tratar de acadar un consenso nun tema que é crucial non só para o Concello de Fene senón para o conxunto da comarca ; di que o seu grupo no ánimo da acadar o consenso, de ter o máximo apoio posible para algo que deben defender todos non ten ningún problema en asumir a proposta que facía de emenda ao texto que facía por parte do Partido Popular, que en calquera caso é algo que aínda que non estivera no texto o seu grupo político asume como posicionamento propio en canto que entenden que o estaleiro de Navantia Fene, antiga Astano ten capacidade operativa para ter razón de ser en si mesma e non dependendo ou sendo complementaria doutros proxectos. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e di que nese sentido, para o Partido Socialista o fundamental neste momento é a nova proxección industrial do Concello, a diversificación industrial e manter o que durante as últimas décadas foi o motor da vida no concello e no conxunto da comarca;di que nese senso manifesta o apoio ao documento, valora moi positivamente que se vexa enriquecido por achegas doutros grupos, e que se integren nun consenso no que todos deben estar.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai polo tanto dúas mocións, unha presentada polo Partido Popular e outra que presentaban os dous grupos de goberno cunha pequena adición do Partido Popular e que éste dirá se mantén ou retira a moción.

Pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que retiran a moción e aceptan os puntos da moción conxunta que se presenta,coa adición a que antes fixo referencia.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere agradecer ao Partido Popular a súa postura porque iso tamén da nivel político.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e procede a dar lectura aos puntos de acordo da moción , que son os seguintes:

1.- O Pleno do Concello de Fene insta ao Goberno de España para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene sexa dedicada á construción así como ás reparacións navais, civís e militares, dotándoa de carteira de pedidos propia.

2.- Apoiamos a diversificación industrial sendo o propio estaleiro un dos motores da mesma, con novas actividades como as turbinas eólicas.

3.- Solicitamos unha xuntanza, dos representantes da corporación, coa dirección da SEPI para trasladar a nosa preocupación e ser quen de darlle unha saída que favoreza unha reindustrialización real.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción conxunta sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o seguinte acordo:

1.- O Pleno do Concello de Fene insta ao Goberno de España para que a integridade do actual estaleiro de Navantia en Fene sexa dedicada á construción así como ás reparacións navais, civís e militares, dotándoa de carteira de pedidos propia.

2.- Apoiamos a diversificación industrial sendo o propio estaleiro un dos motores da mesma, con novas actividades como as turbinas eólicas.

3.- Solicitamos unha xuntanza, dos representantes da corporación, coa dirección da SEPI para trasladar a nosa preocupación e ser quen de darlle unha saída que favoreza unha reindustrialización real.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha pregunta que xa é repetitiva no pleno que é como está o tema da motobomba porque o outro día houbo un incendio en Magalofes. Di que outra pregunta é que lles estrañou moito que desaparecera o cartel do Mercado Municipal e quere saber que pasou con él e que outro rogo é que volveu haber outro accidente grave no cruce do Rego da Moa e non se cansarán de insistir que hai que dirixirse á Demarcación de Estradas ou a quen proceda para que suba a mediana, para que poñan máis pivotes, porque xa que non están

pola labor de facer unha entrada para Magalofes , polo menos roga que iso se faga canto antes, Tamén pide que se reparen os contenedores soterrados de Marqués de Figueroa .

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que sobre o tema de Rego da Moa, comparte a preocupación por este tema e que hai unha xuntanza solicitada polo goberno municipal diante da Demarcación de Estradas para, como solución máis inmediata que a este goberno se lle ocorre e á propia Policía entende que é a mais factible , prolongar o muro da mediana ata a altura do cruce do Rego da Moa para que non haxa ningún tipo de equivocación á hora da entrada á autopista ou de continuar ata Fene, tendo en conta que estase e derivar o cruce do Rego da Moa cun proxecto coa Deputación Provincial e que no momento en que o cruce do Rego da Moa estea desviado polos dous novos viais, ese cruce terá que ser anulado totalmente para que non se poida producir ningún tipo de cruce de coches alí.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que no tema do incendio de Magalofes non viñeron os bombeiros das Pontes senón que foi o servizo contraincendios que é comarcal; que se lles deu o aviso e coincidiu que o que estaba de guarda que era o das Pontes nese momento, e que a motobomba de Fene pensa que non está operativa para eses usos.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que o cartel do Mercado Municipal se retirou e está depositado en dependencias municipais; que se deu orde de retiralo porque a eles un día lles explicaron que aquilo era un mercado municipal cun posto único, explicación que non entende, e o seu grupo político tampouco e polo tanto non a comparten.; di que por outra banda ese solar no seu momento se expropiou para crear un mercado municipal e logo creouse este mercado municipal de posto único; que eles cren que non é un mercado municipal e non merece ter un cartel que indique Mercado Municipal, así é que se ordenou a súa retirada e o seu depósito en instalacións do Concello, e que se un día volve ser mercado municipal, que entende que debe ser outra cousa, se volverá a poñer.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que quere preguntar se hai data para empezar a negociación dos orzamentos e prega que cando se comence se lles de máis tempo e non pase como coas ordenanzas que non deu practicamente tempo a miralas. Continúa o Sr. Sánchez Martínez e pregunta se para a negociación colectiva está fixada algunha data ou está previsto iniciala e sobre a oficina de correos de Maniños, se se amañou, se vai funcionar ou como está o asunto.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto aos contenedores xa se foron a reparar varias veces pero o problema é que mentres estén coa obra se reparan un día e ao día seguinte teñen a grúa ou calquera outro material enriba e que haberá que ser pacientes e esperar que remate a obra e amañalos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con relación aos orzamentos teñen previsto empezar antes de finais de febreiro, e en canto ao local de correos que había en Maniños está nun estado ruinoso total.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao tema da negociación colectiva, a idea era poder terse reunido antes de finalizar o ano pero por razóns de vacacións de persoal non foi posible polo que se decidiu deixar para esta semana e convocala para a seguinte e que esperaba entre hoxe e mañá, unha vez que teña resposta dos sindicatos poñerse en contacto cos grupos políticos que están representados na comisión negociadora para concretar a data e comezar xa.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.